



“Indicar que tipo de literatura é a axeitada, e facelo desde un lugar privilexiado, tamén é intervir politicamente”

[Montse Dopico](#) 3 de xullo de 2015

<https://praza.gal/cultura/lindicar-que-tipo-de-literatura-e-a-axeitada-e-facelo-desde-un-lugar-privilexiado-tamen-e-intervir-politicamente>

Ana Acuña gañou o premio Losada Diéguez de investigación e ensaio con ‘Conciencia política e literatura galega en Madrid (1950-2000)’ (Xerais), un estudo que reivindica os “madrigalegos” como pioneiros en diversos campos da política ou da cultura. Vén de editar tamén ‘Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega’, publicado polo grupo GAELT da Universidade de Vigo.

Por que os galegos en Madrid foron “pioneiros”? En que aspectos?

Un dos máis coñecidos é o político co nacemento da UPG. Os dez puntos básicos deseñáronse en Madrid. Tamén no aspecto literario, lingüístico e artístico coa revista Loia, o grupo Atlántica, a “Carta Circular ó cardeal, bispos e cregos de Galicia”, o especial da revista Signo dedicado a Galicia, a Estampa Popular Galega, a banda deseñada... O grupo máis coñecido é o que tivo máis transcendencia política: Brais Pinto... Pero os galegos en Madrid foron pioneiros en moitos aspectos. Moitos son estudantes que están de paso, pero moi implicados cos movementos reivindicativos. Por iso falo de “xeracións activas”, que é un termo de Julio Aróstegui. É dicir, grupos que nacen, introducen cambios e actúan como portadores dunha cultura nova. Moi conscientes da terra da que veñen pero tamén da que os acolle, da difícil situación das clases subalternas de Madrid, por exemplo, e coñecedores dos movementos de liberación anticolonialista.

Participan na construción de partidos políticos e no “asociacionismo nacional popular”. Cales foron as principais achegas, nese sentido?

Ao mesmo tempo que se desenvolvía en Galicia, nos anos 60 e 70, un potente movemento de asociacionismo cultural, -O Galo, O Facho...-, en Madrid actuarán Lóstrego ou a Irmandade Galega. O mesmo tipo de actividades que se facían en Galicia organizábanse tamén en Madrid e Barcelona. Non hai diferenzas importantes niso.

A emigración favorece, ademais, a toma de conciencia sobre Galicia. Máis se cadra nas primeiras xeracións...

Non só nas primeiras. Tanto os galegos que chegan a Madrid nos anos 60 como aqueles que chegan nos 90 faláronme do seu choque cultural ao atoparse nunha sociedade monolingüe. En Madrid volvíanse máis conscientes do conflito lingüístico en Galicia e, nalgún momento, da súa relación coa estratificación social.

A segunda xeración, a dos Brais Pinto, analiza “a problemática galega desde unha óptica socio-política e non só cultural”. Que é que os distingue da primeira xeración, - a da Mocidade Universitaria Castelao-, para non merecer o adxectivo de “culturalistas”, indo aos feitos?

Sobre a primeira xeración, eu digo que as súas actividades “foron eminentemente culturais pero que xa se apreciaban gomos dunha certa reivindicación” lingüística. Non se pode esquecer a polémica lingüística sobre a persecución do idioma nacida dunha actividade deste grupo de galegos en Madrid nin o seu eco en Bos Aires. Esta xeración carecía de mestres tralo corte provocado pola Guerra Civil.

En canto á actividade cultural de Brais Pinto, era para eles unha “tapadeira” de algo máis, dunha acción política. Non queren facer só arte. Son moi conscientes das necesidades e das eivas que había no ámbito artístico: os artigos de Patiño críticos coa pintura do momento, por exemplo. Reivindican a novidade, a innovación, pero para algo máis. Están aprendendo a realidade política e histórica coa que se implican co obxectivo de liberar Galicia. É significativa, por exemplo, a relación que manteñen con América. Ou actos concretos, como cando se erguen e marchan tras unhas determinadas afirmacións de Fraga sobre Rosalía... Eran tempos difíciles. Non é como coller e marchar hoxe.

Nesa procura da vangarda tamén se cadra se chegou algunha vez a forzar os encontros coa literatura de fóra... que por outro lado non eran tan novidosos. Xa Nós miraran moito ao mundo... Non sempre para ben.

Si que hai esa procura da innovación na forma de escribir de Patiño ou na de Fernández Ferreiro. Ou na poesía de Ramón Lorenzo. Se cadra as súas obras son menos coñecidas, pero non menos importantes nese aspecto. O que ocorre é que houbera un fondo corte, o producido pola guerra civil. E, nese sentido, tamén foi unha descuberta para eles porque houbera moito silencio sobre a cultura galega anterior á guerra. Imaxina como podía ser estudar en Santiago nos anos 50. Había censura, non había acceso a moito do que estaba a pasar na literatura mundial do momento. É indicativo disto, por exemplo, o feito de que a xente da Mocidade Universitaria Castelao coñecese ‘Retrincos’ de Castelao pero non o ‘Sempre en Galiza’.

Mais cando se fala de estratexia “culturalista” parece que se coloca a cultura nun chanzo inferior, como se a cultura non fose política e a política cultura. Outra cousa é se se ten como obxectivo derrubar o réxime e cando, ou se se decide reconstruír ou non unha organización política galeguista...

É unha cuestión complexa. En Madrid existían outros grupos que eu só cito porque o que me interesaban eran as xeracións máis activas e que conformaron unha conciencia política, lingüística e literaria. Os adxectivos, como “culturalista”, reducen a complexidade. En todo caso non se poden esquecer feitos como os dos daqueles aparentemente “culturalista” que tamén interviron politicamente. Porque indicar que tipo de literatura é a axeitada, e facelo desde un lugar privilexiado, como representante da cultura galega, tamén é intervir politicamente.

Ademais, non importa só o que se publica. Tamén o que non se publica porque se lle poñen pexas. Sobre iso dinnos moito os epistolarios. Hai moito por investigar aínda.

Na terceira xeración, na segunda metade dos 60, desenvólvese a resistencia política organizada, na clandestinidade. É xa outro tempo: o empurre do PCE, da UPG... E o madrigalegos realizan ás veces “actividades máis arriscadas” que as que se facían en Galicia. Propaganda política subversiva, reunións secretas...

Distribúen pegatinas que levan por mensaxe ‘Liberdade para Galicia’ ou ‘Viva Galicia ceibe e socialista’, agochan unha “meniña” ou multicopista... Moitos detalles sobre este tipo de actividades non poderíamos coñecelos se non fose polas entrevistas: como se organizaban, como se enfrontaban á censura... Os galegos de Madrid participaron ademais en moitas loitas da época, como a de Castrelo de Miño. Xosé Soto estableceu contactos políticos e células da UPG en América... Fixeron moitas cousas.

A cuarta xeración, da segunda metade dos 70 e primeira dos 80, continúa por esa liña. Seguen as xuntanzas clandestinas, os libros prohibidos, os actos políticos disfrazados doutra cousa... O que chamas “rexistros ocultos”. Se cadra temos que volver a eles agora coa Lei Mordaza, ademais.

Unha das accións máis importantes desa xeración é a implicación no proceso de redacción do Estatuto. É moi importante tamén a acción literaria e cultural: a revista Loia, a editorial (xa non o grupo) Brais Pinto... Si disfrazan política de cultura, como nunha obra de teatro que fixo Lóstrego e que representaba un bispo de Ourense moi rexeitado, pero tamén criticaban a realidade labrega galega marcada pola mobilización contra a cota empresarial. Actividades cunha aparencia lúdica podían ser unha maneira de reivindicación da escola en galego e do ensino en galego. Como cando pasearon unha lingua enorme por Preciados, xa nos anos 80...

A quinta e última xeración que distingues é a da segunda metade dos 90. Hai máis heteroxeneidade no aspecto político. A literatura xa non ten que ser expresión da disidencia política, ou non nuns sentidos determinados. Desideoloxización ou autonomía da cultura? Porque que a cultura teña que ser parte da construción nacional tamén pode ser unha dificultade...

Estou de acordo co que dis, no esencial. Non é que haxa desideoloxización. O que pasa é que o contexto é outro. Galicia xa ten representación política en Madrid a través dos deputados do BNG, por exemplo. Pero si continúan as reivindicacións da identidade, agora nun mundo globalizado: continúa o malestar coa situación lingüística galega e o esforzo pola visibilidade, literaria ou non, das mulleres... Ademais, que é política? O que se fixo en cultura en Madrid é menos coñecido e se cadra debería ser máis tratado como cando se estuda a literatura do exilio. Por outro lado, que é literatura? Ao meu ver, o campo literario abrangue máis que a escrita de libros.

Para escribir este libro fixeches moitas entrevistas. Para ‘Letras nómades’ utilizaches documentos persoais. Por que este tipo de fontes?

Para ‘Conciencia política e literatura galega en Madrid’ entrevistei máis de 50 protagonistas. En ‘Letras nómades’ o obxectivo era analizar a mobilidade feminina na literatura a través de documentos persoais. Escollín ese tipo de fonte, a historia de vida, -documentos persoais e rexistros biográficos-, porque era a mellor maneira de acceder á experiencia persoal da mobilidade. Que nos leva tamén á análise da identidade no contexto do exilio, do retorno, da

emigración.

Nun seminario recente, María Reimóndez dicía que parte da memoria da literatura feita por mulleres se perdera porque os textos escritos desde o íntimo, desde a experiencia persoal, e por mulleres, non se consideraran “literatura”. Nese sentido, ‘Letras nómades’ recupera memoria das mulleres. A través de artigos realizados por mulleres. Como Aurora Marco coas guerrilleiras.

É que o estudo teórico co que comeza o libro, de Josefina Cuesta, é sobre a memoria. Pero non foi intencionado que as autoras do libro fosen todas mulleres. Creo que iso non é relevante, ademais. E tamén participan homes nalgún capítulo asinado por unha muller. En canto a Aurora Marco, traballou moito pola recuperación da memoria das mulleres, si. Ocupouse neste libro dunha cuestión que merece recoñecemento, que é a memoria das mulleres silenciadas por ser guerrilleiras antifranquistas e por ser mulleres.

O texto de Olivia Rodríguez achégase á construción da identidade no exilio. Cal é a conclusión do libro nese aspecto?

O texto de Olivia Rodríguez conta a historia dunha familia de Cangas que ten que exiliarse. A investigadora recompila a documentación sobre a historia dun condenado a morte (José Mejuto Bernárdez), recuperada grazas á súa descendente (Ana Paula Mejuto Soba). A mesma familia é a protagonista do libro ‘Cartas de un condenado a muerte’. Tamén Carmen Mejía escribe sobre iso e, neste sentido, é interesante o termo usado pola investigadora da UCM, o exilio herdado.

Carmen Mejía fala de “insilio” ou exilio interior. Nese sentido, o libro opónse a diversos tópicos. Nin as mulleres que emigraban eran meras “acompañantes” dos maridos. Nin a motivación era só a fame. Tamén a necesidade de saber. Nin a viaxe tiña que implicar necesariamente o traslado a moitos quilómetros de distancia.

Hai moitas formas de mobilidade e a interior é unha delas, si. Carmen Mejía trata, tamén, a mobilidade dos nenos do campo á cidade na Galicia dos anos 50 a través dun documento remitido por Luz Pichel. María do Carmo Kruckenberg, que aparece no capítulo de Manuela Palacios e no de María Xesús Nogueira, viaxaba por necesidade de coñecer. Eva Moreda tamén amosa motivacións para a mobilidade máis próximas a nós (razóns laborais, académicas...). E claro que as mulleres non emigraban só para acompañar os maridos. Nos capítulos hai historias ben crúas, como as das mulleres que emigraban para aleitar os fillos doutras e levaban un canciño na viaxe a América para non perder o leite...

A viaxe como forma de coñecemento tamén pode ter algo de clixé. Pode ser un xeito de consumo e nada máis. E o encontro co outro tampouco esixe agora desprazarse a centos de quilómetros... “Viaxar é... ler o mundo sen intermediarios”, dicía Begoña Caamaño, segundo recolle un dos textos.

Aínda que a mobilidade sexa máis ou menos afastada, máis ou menos virtual, creo que sempre obriga a confrontarse cunha mesma e co outro ou coa outra. Sempre é unha aprendizaxe. Sempre tes que enfrontarte a algunha situación. O encontro co Outro ou coa Outra podes realizalo no teu país, pero a confrontación é maior se estás fóra. No libro aparece, ademais, unha consciencia da viaxe que ten moito de preocupación polo outro e pola outra, nun sentido social.

A mobilidade está moi presente na literatura feminina. Eu mesma escribín sobre a literatura alófona. Sobre cuestións como a hibridación lingüística, sobre as que queda moito por investigar.